

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN

**17890** *Real decreto 1619/2011, do 14 de novembro, polo que se establece o novo réxime de equivalencias dos estudos e titulacións de ciencias eclesiásticas de nivel universitario respecto dos títulos universitarios oficiais españois, en cumprimento do disposto no Acordo entre o Estado español e a Santa Sé do 3 de xaneiro de 1979 sobre ensino e asuntos culturais.*

O Acordo entre o Estado español e a Santa Sé, do 3 de xaneiro de 1979, sobre ensino e asuntos culturais, establece que a validación dos estudos e o recoñecemento por parte do Estado dos efectos civís dos títulos outorgados nos centros superiores de ciencias eclesiásticas da Igrexa Católica, sitos en España ou no estranxeiro, será obxecto de regulación específica de común acordo entre as autoridades da Igrexa e do Estado.

O Real decreto 3/1995, do 13 de xaneiro, deu cumprimento ao disposto no dito acordo, establecendo o recoñecemento de efectos civís a determinados títulos de *diplomatus*, *baccalaureatus*, *licentiatus* e doutor conferidos polas universidades, facultades, institutos superiores e outros centros superiores da Igrexa Católica. Tales efectos civís viñan sendo conferidos respecto dos niveis académicos xenéricos de diplomado, licenciado e doutor correspondentes á anterior ordenación das ensinanzas universitarias oficiais establecida tanto na Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, como na redacción inicial da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU).

Así mesmo, a LOU estableceu na súa disposición adicional cuarta que a aplicación do disposto nela ás universidades e outros centros da Igrexa Católica se axustará ao disposto nos acordos entre o Estado español e a Santa Sé.

Posteriormente, a Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (LOMLOU), modificou a LOU e estableceu unha nova ordenación das ensinanzas e títulos universitarios en España. Así, o artigo 37 da dita lei determina unha nova estrutura das ensinanzas universitarias baseada en tres ciclos, grao, máster e doutoramento, á finalización dos cales se obteñen os títulos de graduado ou graduada, máster e doutor ou doutora, respectivamente.

A nova ordenación xurdida tras a LOMLOU e concretada no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, cambiou substancialmente a situación anterior, de modo que agora os títulos, en aplicación do principio constitucional de autonomía universitaria, son creados polas universidades e sometidos ao procedemento de verificación académica ante o Consello de Universidades e á autorización da comunidade autónoma correspondente. Soamente tras o cumprimento destes dous requisitos se produce a intervención do Goberno que, mediante acordo de Consello de Ministros, declara, se é o caso, a oficialidade do título e a súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).

De acordo co anterior, faise necesario adaptar o disposto no citado Real decreto 3/1995, do 13 de xaneiro, á nova estrutura e ordenación das ensinanzas universitarias españolas, contida no mencionado Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

Pola súa parte, a Santa Sé, como Estado integrante do Espazo Europeo de Educación Superior desde 2003, participou no proceso de converxencia europea mediante a adaptación, entre outros aspectos, do marco organizativo das súas ensinanzas superiores, co fin de facilitar o recoñecemento destas no resto dos países do EEES, así como a mobilidade dos seus estudantes. En consonancia co anterior, implementou as exixencias derivadas da dita adhesión, tales como a adopción do Suplemento Europeo ao Título e dos créditos europeos ECTS. Así mesmo, promoveu a creación da Axencia para a Valoración e a Promoción da Calidade das Universidades e Facultades Eclesiásticas

(AVEPRO), que ten por obxecto garantir a calidade das ensinanzas de *baccalaureatus*, *licentiatus* e doutor a que se refire o artigo terceiro desta norma e que se imparten nos centros da Igrexa Católica que se relacionan nos anexos deste real decreto.

O Consello de Universidades, a Conferencia Xeral de Política Universitaria, o Ministerio de Xustiza e o Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación emitiron informe sobre este real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 11 de novembro de 2011,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer o novo réxime de equivalencias dos estudos e titulacións de ciencias eclesiásticas de nivel universitario respecto dos títulos universitarios oficiais españois, en cumprimento do disposto no Acordo entre o Estado Español e a Santa Sé do 3 de xaneiro de 1979 sobre ensino e asuntos culturais.

##### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O disposto nesta norma é de aplicación aos títulos da Igrexa Católica que se relacionan no anexo I, outorgados polos centros superiores de ciencias eclesiásticas da Igrexa Católica situados en España ou no estranxeiro, que cumpran o procedemento e os requisitos establecidos neste real decreto.

##### Artigo 3. *Recoñecemento de efectos civís.*

1. De acordo coas condicións e o procedemento previsto neste real decreto, recoñécense efectos civís aos títulos eclesiásticos superiores de *baccalaureatus*, *licentiatus* e *doutor* que se relacionan no anexo I, conferidos polos centros superiores de ciencias eclesiásticas da Igrexa Católica, canonicamente erixidos ou aprobados por ela, de acordo coas previsións da Santa Sé, contidas na Constitución Apostólica *Sapientia Christiana*, do 15 de abril de 1979, que regula a existencia, as normas e o desenvolvemento das universidades e facultades eclesiásticas, e a *Instrución sobre os Institutos Superiores de Ciencias Relixiosas*, do 28 de xuño de 2008, que regula a existencia, as normas e o desenvolvemento dos institutos superiores de ciencias relixiosas.

2. Os efectos civís que se lles recoñecen aos títulos eclesiásticos universitarios de *baccalaureatus*, *licentiatus* e *doutor* a que se refire o punto anterior son os correspondentes aos niveis académicos universitarios de grao, máster e doutor, respectivamente, de acordo coa estrutura universitaria prevista no artigo 37 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril.

3. No suposto de que os títulos eclesiásticos superiores se expresen no futuro con denominacións diferentes ás citadas no anexo I, as autoridades competentes da Igrexa Católica en España deberán acreditar a súa equivalencia coas ditas denominacións e o cumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto e os exixidos pola normativa citada no artigo 5 deste artigo.

##### Artigo 4. *Recoñecemento de estudos parciais.*

Para o recoñecemento de estudos parciais e créditos superados nas ensinanzas conducentes aos títulos eclesiásticos a que se refire o artigo anterior, para os efectos de cursar en España estudos oficiais conducentes á obtención de títulos universitarios con validez en todo o territorio nacional, será de aplicación a normativa vixente en materia de recoñecemento de títulos e estudos estranxeiros de nivel universitario.

#### Artigo 5. *Requisitos.*

1. Para os efectos do recoñecemento de efectos civís a que se refire este real decreto, o título de *baccalaureatus* deberá acreditar unha duración mínima de 240 créditos ECTS. Pola súa parte, a duración do título de *licentiatus* require unha formación adicional á anterior de entre 60 e 120 créditos ECTS, debendo acreditar no seu conxunto unha formación total de polo menos 300 créditos ECTS.

2. Os títulos a que se refire o número anterior deberán ter sido expedidos por algún dos centros comprendidos nos anexos I e II deste real decreto.

3. Os títulos expedidos polos centros superiores de ciencias eclesiásticas da Igrexa Católica deberán ir acompañados, para os efectos de recoñecemento dos efectos civís a que se refire este real decreto, polo correspondente suplemento europeo ao título (SET), o cal conterá a información relativa ao nivel e contido das ensinanzas cursadas, que deberán estar expresadas no sistema de créditos ECTS.

#### Artigo 6. *Dilixenciamento dos títulos.*

O recoñecemento de efectos civís dos títulos eclesiásticos universitarios conferidos polos centros superiores de ciencias eclesiásticas da Igrexa Católica a que se refire o artigo 3 deste real decreto requirirá que os seus documentos acreditativos sexan previamente dilixenciados polas autoridades competentes da Igrexa Católica en España, mediante a certificación da súa autenticidade, para os efectos previstos por este real decreto.

#### Artigo 7. *Procedemento.*

1. Para os efectos da obtención do recoñecemento de efectos civís a que se refire este real decreto, os interesados dirixirán a oportuna solicitude á Dirección Xeral de Política Universitaria do Ministerio de Educación, que poderán presentar en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, as solicitudes poderanse presentar por medios electrónicos na sede electrónica do Ministerio de Educación.

2. A dita solicitude deberá ir acompañada dos documentos acreditativos do cumprimento dos aspectos a que se refire o artigo anterior así como dos correspondentes títulos orixinais, ou ben dos certificados acreditativos da expedición do título ou copias debidamente autenticadas.

Así mesmo, os ditos documentos deberán contar co dilixenciamento previo a que se refire o artigo 6 desta norma.

3. A solicitude deberá indicar os datos de identificación do interesado, o lugar para os efectos de notificación e os demais datos que exige o artigo 70.1 da Lei 30/1992.

4. Se a solicitude ou a documentación presentadas resultaren incompletas, requirirase o interesado para que, nun prazo de quince días, emende a deficiencia, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará que desiste da súa petición, que se arquivará sen máis trámite. Todo iso de conformidade co establecido no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. No prazo de tres meses desde a presentación da solicitude, o director xeral de Política Universitaria resolverá e notificará ao interesado a resolución, que virá expresada en termos favorables ou desfavorables á equivalencia solicitada.

6. En caso de resolución desfavorable, o interesado poderá recorrer en alzada ante o secretario xeral de Universidades, de acordo co procedemento e prazos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. Das resolucións de recoñecemento darase traslado ao Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais a que se refire o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto,

sobre expedición de títulos universitarios oficiais, para os efectos da súa inscrición nunha sección especial deste.

8. A falta de resolución e notificación en prazo permitirá entender desestimada a solicitude.

Disposición adicional primeira. *Probas de acceso aos centros superiores de ciencias eclesiásticas da Igrexa Católica.*

A superación de probas de acceso a estudos de ciencias eclesiásticas en centros superiores da Igrexa Católica soamente producirá efectos para o acceso aos ditos centros.

Disposición adicional segunda. *Títulos que xa obtiveron o recoñecemento para efectos civís.*

1. Os que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, obtivesen o recoñecemento dos efectos civís de títulos da Igrexa Católica conforme o disposto no Real decreto 3/1995, do 13 de xaneiro, aos niveis de diplomado, licenciado e doutor correspondentes á actual ordenación do sistema educativo, manterán todos os efectos académicos e, se é o caso, profesionais, inherentes aos ditos títulos.

2. Os que obtivesen o recoñecemento civil dun título de acordo co Real decreto 3/1995, do 13 de xaneiro, non poderán solicitar un novo recoñecemento do mesmo título de conformidade co establecido neste real decreto.

Disposición adicional terceira. *Inscrición de centros da Igrexa Católica no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).*

As facultades de ciencias eclesiásticas da Igrexa Católica sitas en España que figuran no anexo II serán inscritas no RUCT, de conformidade co establecido no artigo 2 do Real decreto 1509/2008, do 12 de setembro, polo que se regula o Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.

Disposición adicional cuarta. *Declaracións de equivalencia anteriores.*

O Ministerio de Educación adoptará as medidas necesarias para inscribir no Rexistro a que se refire o artigo 7.7 deste real decreto as declaracións de equivalencia acordadas baixo a vixencia do Real decreto 3/1995, do 13 de xaneiro.

Disposición transitoria primeira. *Solicitudes xa presentadas.*

Os que no momento da entrada en vigor deste real decreto iniciasen a tramitación de solicitudes de recoñecemento de efectos civís de títulos da Igrexa Católica poderán continuar esta polo procedemento contido no citado Real decreto 3/1995, do 13 de xaneiro, ou iniciar unha nova solicitude de acordo co previsto nesta norma.

Disposición transitoria segunda. *Estudos anteriores.*

Os que no momento da entrada en vigor deste real decreto xa completasen ou iniciasen estudos conducentes á obtención dun título eclesiástico susceptible de recoñecemento de efectos civís respecto do título español de diplomado universitario, de conformidade co establecido no Real decreto 3/1995, do 13 de xaneiro, poderán optar ao dito recoñecemento nos mesmos termos ata o 30 de setembro de 2015.

Disposición derogatoria única. *Derogación do Real decreto 3/1995, do 13 de xaneiro.*

Queda derogado o Real decreto 3/1995, do 13 de xaneiro, polo que se dá cumprimento ao disposto no Acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensino e asuntos culturais en materia de estudos e titulacións de ciencias eclesiásticas de nivel

universitario, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria segunda deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Actualización dos anexos.*

Habíltase o ministro de Educación para modificar, corrixir ou actualizar, cando iso for preciso, os anexos deste real decreto, oída a autoridade competente da Igrexa Católica en España.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habíltase o ministro de Educación para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 14 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,  
ÁNGEL GABILONDO PUJOL

## ANEXO I

**Relación dos títulos outorgados por centros superiores de ciencias eclesiásticas aos cales se recoñecen efectos civís**

I. Títulos equivalentes ao título universitario oficial de graduado ou graduada (deberán acreditar unha duración mínima de 240 créditos ECTS).

Título de *baccalaureatus in theologia*, outorgado por facultades de teoloxía católica e cursado nas ditas facultades ou en centros superiores afiliados a elas.

Título de *baccalaureatus in philosophia*, outorgado por facultades eclesiásticas de filosofía.

Título de *baccalaureatus in scientiis religiosis*, outorgado por facultades de teoloxía católica e cursado nos institutos superiores de ciencias relixiosas.

II. Títulos equivalentes ao título oficial de máster universitario (deberán acreditar unha duración mínima de 300 créditos ECTS).

Título de *licentiatus in theologia*, outorgado por facultades de teoloxía católica (especificarase a especialización: teoloxía sistemática, Sagrada Escritura, teoloxía moral, teoloxía pastoral, teoloxía espiritual...).

Título de *licentiatus in philosophia*, outorgado por facultades eclesiásticas de filosofía (especificarase a especialización: filosofía teórica, filosofía práctica, filosofía social...).

Título de *licentiatus in iure canonico* (cursado logo de obtención dun título eclesiástico de *baccalaureatus* ou *licentiatus* ou dun título civil universitario de acordo co que determine a Igrexa Católica), outorgados por facultades eclesiásticas.

Título de *licentiatus in Sacra Scriptura*, outorgado por facultades eclesiásticas ou institutos «ad instar Facultatis».

Título de *licentiatus in sacra liturgia*, outorgado por facultades eclesiásticas.

Título de *licentiatus in historia ecclesiastica*, outorgado por facultades eclesiásticas.

Título de *licentiatus in archeologia christiana*, outorgado por institutos «ad instar Facultatis».

Título de *licentiatus in studiis orientis antiqui*, outorgado por facultades eclesiásticas.

Título de *licentiatus in studiis ecclesiasticis orientalibus*, outorgado por facultades eclesiásticas.

Título de *licentiatus in iure canonico orientali*, outorgado por facultades eclesiásticas.

Título de *licentiatus in missiologia*, outorgado por facultades eclesiásticas.

Título de *licentiatus in musica sacra / in cantu gregoriano / in organo / in directione choral*, outorgado por facultades eclesiásticas ou institutos «ad instar Facultatis».

Título de *licentiatus in litteratura christiana et classica*, outorgado polas facultades de literatura cristiá e clásica.

Título de *licentiatus in scientiis religiosis*, outorgado por facultades de teoloxía católica e cursado nos institutos superiores de ciencias relixiosas (especificarase a especialización: ensino da relixión católica, catequética, pastoral de mocidade...).

III. Títulos equivalentes ao título universitario oficial de doutor ou doutora.

Título de *doutor in theologia*, outorgado por facultades de teoloxía católica.

Título de *doutor in philosophia*, outorgado por facultades eclesiásticas de filosofía.

Título de *doutor in iure canonico*, outorgado por facultades eclesiásticas.

Título de *doutor in sacra scriptura*, outorgado por facultades eclesiásticas ou institutos «ad instar Facultatis».

Título de *doutor in sacra liturgia*, outorgado por facultades eclesiásticas.

Título de *doutor in historia ecclesiastica*, outorgado por facultades eclesiásticas.

Título de *doutor in archeologia christiana*, outorgado por institutos «ad instar Facultatis».

Título de *doutor in studiis orientis antiqui*, outorgado por facultades eclesiásticas.



Título de *doutor in studiis ecclesiasticis orientalibus*, outorgado por facultades eclesiásticas.

Título de *doutor in iure canonico orientali*, outorgado por facultades eclesiásticas.

Título de *doutor in missiologia*, outorgado por facultades eclesiásticas.

Título de *doutor in musica sacra / in cantu gregoriano / in organo*, outorgados por facultades eclesiásticas ou institutos «ad instar Facultatis».

Título de *doutor in litteratura christiana et classica*, outorgado por facultades de literatura cristiá e clásica.

## ANEXO II

### Relación de facultades de ciencias eclesiásticas da Igrexa Católica en España

- I. Facultades de teoloxía católica.
  1. Facultade de Teoloxía de Cataluña (Barcelona).
  2. Facultade de Teoloxía de Granada.
  3. Facultade de Teoloxía do Norte de España (Sede de Burgos).  
Facultade de Teoloxía do Norte de España (Sede de Vitoria).
  4. Facultade de Teoloxía da Universidade Eclesiástica «San Dámaso» (Madrid).
  5. Facultade de Teoloxía «San Vicente Ferrer» (Valencia).
  6. Facultade de Teoloxía da Universidade de Deusto (Bilbao).
  7. Facultade de Teoloxía da Universidade de Navarra (Pamplona).
  8. Facultade de Teoloxía da Universidade Pontificia «Comillas» (Madrid).
  9. Facultade de Teoloxía da Universidade Pontificia de Salamanca.
- II. Facultades de dereito canónico.
  1. Facultade de Dereito Canónico da Universidade Eclesiástica «San Dámaso» (Madrid).
  2. Facultade de Dereito Canónico da Universidade de Navarra (Pamplona).
  3. Facultade de Dereito Canónico da Universidade Pontificia «Comillas» (Madrid).
  4. Facultade de Dereito Canónico da Universidade Pontificia de Salamanca.
- III. Facultades de filosofía eclesiástica.
  1. Facultade de Filosofía de Cataluña (Barcelona).
  2. Facultade de Filosofía da Universidade Eclesiástica «San Dámaso» (Madrid).
  3. Facultade Eclesiástica de Filosofía da Universidade de Navarra (Pamplona).
  4. Facultade de Filosofía Eclesiástica da Universidade Pontificia «Comillas» (Madrid)  
no marco da «Facultade de Ciencias Humanas e Sociais».
  5. Facultade de Filosofía da Universidade Pontificia de Salamanca.
- IV. Outras facultades eclesiásticas.

Facultade de Literatura Cristiá e Clásica «San Justino» da Universidade Eclesiástica «San Dámaso» (Madrid).